

As antenas organizan seminarios sobre o pequeno comercio ante a crise nas Pontes e Ortigueira

Ferrol. 16/04/2009. O vindeiro luns, 20 de abril, nas instalacións da Casa Dopeso, nas Pontes, terá lugar, a partir das oito da tarde, o seminario *O pequeno comercio ante a crise*, que organiza a antena da Cámara de Comercio nesta localidade.

O obxectivo é presentar as posibles estratexias que o sector pode desenvolver para afrontar a situación actual. Os relatorios correrán a cargo de consultores da firma OBZ Formación e Recursos Humanos que, tras unha introdución sobre o actual escenario económico e as perspectivas de futuro, abordarán cuestións como a análise e redución de custos ou a revisión e axustes na gama de produtos.

Tamén se exporán posibles accións comerciais que se poden desenvolver que van desde as promocións ata a política de prezos, o *merchandising* ou a innovación. Finalmente, referiranse á posibilidade de acceder a axudas e subvencións oficiais para os establecementos retalistas.

Para os comerciantes de Ortigueira, esta mesma xornada desenvolverase o día 28 de abril, no centro social da vila, a partir das 20.30 horas.

As persoas interesadas en asistir a estes seminarios deberán inscribirse nas oficinas locais das Pontes (Avda. de Ferrol, s/n. Tel.:981 452086) e Ortigueira (Rúa Príncipe, 27. Tel.: 981 400197)

